

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15017880	CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz	Touro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	13
4.1. Concrecións metodolóxicas	65
4.2. Materiais e recursos didácticos	68
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	70
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	71
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	73
6. Medidas de atención á diversidade	73
7.1. Concreción dos elementos transversais	74
7.2. Actividades complementarias	75
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	77
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	79
9. Outros apartados	79

1. Introducción

1.- INTRODUCCIÓN

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oríéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos sublíñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques:

O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural.

O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos.

O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de

textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes.

O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 3º de ESO en doce unidades didácticas:

- "Te etiqueto". Nesta unidade, incídese sobre o valor comunicativo da linguaxe e plantéxase a vinculación desta coas novas tecnoloxías. En literatura, repasaremos conceptos fundamentais da literatura: linguaxe literaria, xéneros e subxéneros.

- "Mis lecturas". O obxectivo desta unidade consiste en profundizar detalladamente na riqueza e pluralidade lingüística existente no noso país e a súa aportación á sociedade. En literatura, achegarémonos ao contexto histórico e social da Idade Media.

- "Maneras de decir": Dedicaremos esta unidade a recoñecer a importancia de valorar e avaliar a situación comunicativa na que se producen os intercambios lingüísticos e como esta condiciona os distintos usos da linguaxe e incluso a existencia de distintos niveis para adaptarse ao contexto. En literatura, profundízase en aspectos clave da poesía medieval.

- "Corazones rotos": Analizaremos nesta unidade como se organizan os textos en función de quen sexa o destinatario e a finalidade da mensaxe para que a comunicación resulte coherente e efectiva. En literatura, procederáse ao estudo da prosa medieval.

- "Para todas las edades": Nesta unidade, imos analizar e producir textos narrativos, descritivos e dialogados, atendendo de forma exhaustiva ás súas características. En literatura, achegarémonos ao coñecemento do teatro medieval, as súas características especiais e a obra máis relevante.

- "Ecojóvenes": Dedicaremos esta unidade á análise textual das características propias do texto expositivo para elaborar textos desta tipoloxía, tanto orais como escritos, de maneira correcta. En literatura, procederemos ao estudo do contexto histórico e social do Renacemento, así como a un primeiro achegamento ás características da poesía deste período.

- "De cine": Nesta unidade, analizaremos os textos expositivos orais e escritos e como se adaptan á nosa cotidianidade, polo que tomaremos conciencia do seu emprego en multitude de situacións e contextos. En literatura, continuaremos co coñecemento das características principais da poesía renacentista, autores e obras.

- "Con acento propio": Esta unidade abordará o texto argumentativo, as súas características e estrutura partindo dunha reflexión sobre a importancia da interculturalidade. En literatura, coñeceremos a prosa renacentista e o nacemento da novela picaresca relacionando este xénero co contexto histórico e social do momento.

- "Rompiendo barreras". Para desenvolverse na sociedade actual, é preciso que os alumnos e alumnas adquiran destrezas e habilidades para aprender a expresarse de forma clara, coherente e argumentada. Nesta unidade, vanse traballar contidos vinculados coas estruturas argumentativas para que o alumnado sexa quen de recoñecerlas e poñelas en práctica. En literatura, coñeceremos o contexto histórico e social do Barroco e realizaremos unha primeira achega ás características da poesía deste período.

- "¿Aquí hay wifi?". Nesta unidade profundizaremos na reflexión sobre a fiabilidade dos contidos que se divulgan por internet incidindo na importancia de respectar as normas de uso destes medios. En literatura, aproximámonos ao coñecemento da prosa barroca.

- "Femenino plural". Nesta unidade centrarémonos nos textos periodísticos e nas súas características. En literatura, dedicaremos a unidade ao coñecemento de Cervantes e a súa obra.

- "¿Qué comemos?". Centraremos esta unidade no coñecemento das características principais da publicidade para que o alumnado desenvolva unha visión máis crítica sobre a intencionalidade e o significado dos anuncios. En literatura, achegarémonos ao teatro barroco.

2.- CONTEXTUALIZACIÓN.

Touro está situado ao sur da provincia de A Coruña, limitando co río Ulla, que o separa do concello de Vila de Cruces (Pontevedra). Ao norte limita co término de O Pino; ao leste, con Arzúa, e ao oeste, con Boqueixón.

Ten unha poboación de 3.800 habitantes estendida ao longo 115,34 km² de superficie.

Deste xeito, o noso centro está situado nun ambiente fundamentalmente rural, de forma que as actividades predominantes das familias do alumnado son a agrícola e a gandeira.

O noso centro é un CPI, polo que nel impártense as seguintes ensinanzas:

- Educación Infantil.
- Educación Primaria.
- Educación Secundaria.

Consta de boas instalacións: biblioteca, aula de audiovisuais, aula de informática, aulas ABALAR, EDIXGAL (en Primaria), laboratorio, taller, aula de Plástica e departamentos, polo que contamos con recursos variados para levar a

cabo as tarefas de ensino- aprendizaxe.

A maioría do alumnado ten como lingua materna o galego, o que comporta certas repercusións no ensino e desenvolvemento das destrezas comunicativas en castelán. Obsérvase certa reticencia á hora de expresarse oralmente en castelán e, como é lóxico, son numerosas as interferencias lingüísticas nas dúas direccións, do galego ao castelán e viceversa. Todas estas cuestións serán aproveitadas para un mellor coñecemento de ambas linguas a partir da reflexión conxunta e o establecemento de referencias e comparativas entre os dous códigos, propiciando sempre a reflexión interlingüística e o respecto e valoración da riqueza lingüística que supón a existencia de dúas linguas cooficiais na nosa Comunidade Autónoma.

Deste xeito, aproveitaremos esta condición, así como o carácter plurilingüe do noso centro para establecer relacións entre as distintas linguas e facilitar o coñecemento e a reflexión sobre elas e incidir na riqueza que este feito supón para o noso alumnado.

Por outra banda, tamén insistiremos no esforzo á hora de procurar o respecto por todas as linguas e evitar as interferencias, fundamentalmente entre galego e castelán.

Neste sentido, temos como propósito, actuar nestes puntos:

- O desenvolvemento das destrezas comunicativas orais e por escrito en castelán.

- O traballo para deslindar os códigos lingüísticos - galego e castelán- e promover o maior grao de corrección oral e escrita nos dous.

Partimos sempre da colaboración co Departamento de Lingua galega e Literatura, como en anos anteriores, á hora de crear un currículo integrado que fomente a competencia lingüística nas dúas linguas e evite a repetición de contidos; non esquezamos que o alumnado galego debe acabar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas cooficiais.

Por último, a colaboración entre todos os departamentos de linguas será constante, como en anos precedentes, á hora de unificar terminoloxía e fomentar a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

No presente curso 2023-24, o alumnado de 3º ESO está integrado por un total de 16 alumnos e alumnas. A profesora encargada da docencia é Dña. Mª del Carmen Lages Padín, xefa de Departamento de Lingua castelá e Literatura. É un grupo que presenta distintos niveis curriculares tal e como quedou reflectido na memoria final e cun ritmo de traballo e rendemento tamén desigual no conxunto do alumnado de 3º ESO. Isto fará necesario partir de coñecementos previos máis elementais nalgúns casos para poder atender á diversidade na aula e, posteriormente, tratar de afianzar contidos novos. Non obstante, debemos salientar a boa predisposición cara a materia por parte do alumnado.

Tendo en conta todas estas cuestións, e unha vez realizada a avaliación inicial, decidíranse as medidas que se consideren necesarias para atender á diversidade presente na aula.

3.- COMUNICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

Nos primeiros días de actividade lectiva, o Departamento de Lingua castelá e Literatura comunicará ao alumnado a información básica recollida na presente programación sobre os obxectivos, contidos do curso, os criterios de avaliación, os procedementos e instrumentos de avaliación e os criterios de calificación, ademais dos materiais que se utilizarán na aula.

Esta información será ofrecida a cada grupo de alumnas e alumnos ao comezo do curso lectivo e estará a disposición de alumnado e familias ao longo do curso académico a través da páxina web do centro e da aula virtual do curso de LCL 3º ESO.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Te etiqueto	<p>Nesta unidade incídese no valor comunicativo que posúe a linguaxe e plantéxase a vinculación desta coas novas tecnoloxías. Estas son un dos medios máis empregados para establecer contacto cos demais; por iso, é preciso que o alumnado aprenda a facer un uso adecuado e responsable das mesmas e identifique os riscos e efectos adversos que conleva a súa utilización. Esta aprendizaxe significativa vai permitir que o alumnado poida aplicar o aprendido no seu contexto próximo.</p> <p>Plan de traballo: Lingua.</p>	7	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Te etiqueto	<ul style="list-style-type: none"> - Temas de hoxe: "Te etiqueto" - A comunicación. Elementos, tipos, habilidades. - Competencia lectora. "¡Aparta, que me haces sombra!" - Expresión oral y escrita. Escribir a entrada dun blog. - Gramática. As unidades da lingua. Literatura. Introdución á literatura. Banco de textos. 	7	8	X		
2	Mis lecturas	<p>Esta unidade vai profundizar no coñecemento da riqueza e pluralidade lingüística existente no noso país. Coñecer as diferentes linguas, a súa orixe, as súas variedades e os organismos que as protexen vai contribuír a que o alumnado valore con máis conciencia esta diversidade e amose unha maior actitude de respecto e admiración ante estas diferenzas. En literatura, centrarémonos no contexto histórico e social da Idade Media para vinculalo, posteriormente, coa poesía medieval que tiña unha dobre finalidade; entreter e instruír á poboación da época.</p> <p>Plan de traballo.</p> <p>Lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Temas de hoxe: "Mis lecturas" - A comunicación. As linguas de España. - Competencia lectora. "Un río de palabras" - Expresión oral y escrita. Elaborar un mapa conceptual. <p>Gramática. A estrutura das palabras.</p> <p>Literatura:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A Idade Media. - A poesía medieval (I) 	8	9	X		
3	Maneras de decir	<p>Dedicaremos esta unidade a comprender a importancia da situación comunicativa na que se producen os intercambios lingüísticos. A forma de falar é un dos rasgos máis característicos das persoas e dos grupos sociais e, co paso do tempo, van xurdindo novas palabras e expresións que implican certos cambios. En literatura, centrarémonos noutros aspectos clave da poesía medieval: os temas máis destacados.</p> <p>Plan de traballo.</p> <p>Lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Temas de hoxe. "Maneras de decir". - Comunicación. Variedades de uso da lingua. - Competencia lectora. "El límite del mundo". - Expresión oral y escrita. Definir palabras. 	8	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Maneras de decir	- Gramática. O sintagma nominal. Literatura: - A poesía medieval (II). - Banco de textos.	8	9	X		
4	Corazones rotos	Ao longo da unidade trataremos a importancia do destinatario e da finalidade das mensaxes á hora de crear textos para que a comunicación resulte coherente e efectiva. En literatura, profundizaremos na relevancia e influencia que exercen a cultura e a educación para mellorar o mundo. Desde sempre esta idea mantívose presente á hora de traducir contidos de outras culturas e favorecer, así, a transferencia de saberes e enriquecer a cultura propia. Plan de traballo. Lingua: - Temas de hoxe. "Corazones rotos" - Comunicación. O texto. As propiedades textuais. - Competencia lectora- "Lennon conoce a Yoko" - Expresión oral y escrita. Corrixir un texto. Gramática. O sintagma verbal. Literatura: - A prosa medieval. - Banco de textos.	8	9	X		
5	Para todas las edades	Ao longo desta unidade, o alumnado vai aprender de forma máis exhaustiva as características dos textos narrativos, descritivos e dos dialogados e aplicará estes coñecementos na situación de aprendizaxe proposta: a creación dun guion para unha serie cun argumento baseado nos seus intereses. En literatura, tratarase o teatro medieval, os seus trazos distintivos e a obra máis representativa. Plan de traballo. Lingua: - Temas de hoxe. "Para todas las edades" - A comunicación. Narración, descrición e diálogo. - Competencia lectora. "Mi padre". - Expresión oral y escrita. Narrar un suceso. Gramática. Outros sintagmas. Literatura: - O teatro medieval. - Banco de textos.	8	9		X	
6	Ecojóvenes	Unidade dedicada á correcta elaboración dos textos expositivos. Relacionaremos a produción destes textos coa divulgación dun tema moi relevante para a nosa	8	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Ecojóvenes	<p>sociedade: a necesidade de coidar e protexer o medioambiente. Para iso, o alumnado elaborará en grupo, un folleto expositivo sobre un espazo natural do seu entorno que queiran dar a coñecer. En literatura, abordarase o contexto histórico e social do Renacemento e a importancia da poesía nesa época. O desenvolvemento da imprenta conseguiu frear as copias de obras literarias. Na situación de aprendizaxe relacionar este feito coa importancia da autenticidade na autoría dos escritos en internet. Plan de traballo.</p> <p>Lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Temas de hoxe. "Ecojóvenes" - Comunicación. A exposición. - Competencia lectora. "La mayor de las exploraciones". - Expresión oral y escrita. Preparar unha exposición académica. <p>Gramática. A oración. Suxeito e predicado. Literatura:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O Renacemento. - A poesía renacentista (I). - Banco de textos. 	8	9		X	
7	De cine	<p>Unidade dedicada ás distintas estruturas de textos expositivos. Vincularemos este tipo de textos ás recensións que se elaboran de contidos de cine. O alumnado fará a presentación dunha película simulando participar nun cinefórum. En literatura, daranse a coñecer outros aspectos relevantes da poesía renacentista. Plan de traballo.</p> <p>Lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Temas de hoxe. "De cine". - Comunicación. Estructuras expositivas. - Competencia lectora. "Los narradores de películas: los benshi". - Expresión oral e escrita. Preparar un traballo monográfico. - Gramática. Complementos do predicado (I). <p>Literatura.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A poesía renacentista (II). - Banco de textos. 	8	9		X	
8	Con acento propio	<p>Unidade destinada a propiciar a reflexión do alumnado sobre o aporte e enriquecemento que ofrece a mestura de culturas. A aproximación ao texto argumentativo e a súa estrutura servirá para que o alumnado elabore textos argumentativos nos que expliquen ben as razóns nas que se apoian. Para iso,</p>	9	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Con acento propio	<p>proponse o deseño dunha campaña de concienciación con motivo do Día Internacional do Migrante, para dar a coñecer a situación e problemáticas que sofren estas persoas.</p> <p>En literatura, danse a coñecer os aspectos máis relevantes da prosa renacentista.</p> <p>Plan de traballo.</p> <p>Lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Temas de hoxe. "Con acento propio". - Comunicación. A argumentación. - Competencia lectora. "Un pouco de civilización". - Expresión oral e escrita. Participar nun debate. - Gramática. Complementos do predicado (II). <p>Literatura:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A prosa renacentista. El Lazarillo. - Banco de textos. 	9	9		X	
9	Rompiendo barreras	<p>Nesta unidade vanse desenvolver con máis detalle aspectos vinculados coas estruturas argumentativas coa finalidade de que o alumnado adquira destrezas e habilidades para aprender a expresar as súas opinións de forma clara, coherente e ben razoada e argumentada.</p> <p>En literatura, situarase ao alumnado no marco histórico e social do Barroco e as principais características da poesía barroca.</p> <p>Plan de traballo.</p> <p>Lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Temas de hoxe. "Rompiendo barreras" - Comunicación. Estructuras argumentativas. - Competencia lectora. "Leer literatura para hacernos mejores" - Expresión oral e escrita. Escribir un texto argumentativo. - Gramática. Clases de oraciones simples (I) <p>Literatura:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O Barroco. - A poesía barroca. - Banco de textos. 	9	9			X
10	¿Aquí hay wifi?	<p>Esta unidade dedicarase á reflexión sobre a importancia de valorar a fiabilidade da información á que se accede a través dos medios de comunicación dixitais. Incidirase na importancia do uso responsable e respectuoso de internet e, especialmente, das redes sociais.</p> <p>En literatura, abordarase a prosa barroca e as súas características.</p> <p>Plan de traballo.</p> <p>Lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Temas de hoxe. "¿Aquí hay wifi?" 	9	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	¿Aquí hay wifi?	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación. Os textos dos medios de comunicación. - Competencia lectora. "Espejismo". - Expresión oral e escrita. Escribir unha carta ao director. - Gramática. Clases de oracións simples (II). Literatura: <ul style="list-style-type: none"> - A prosa barroca. - Banco de textos. 	9	9			X
11	Femenino plural	Nesta unidade trataremos os textos periodísticos e as súas características, para deseñar a portada dun xornal xuvenil. Incidirase na importancia de seleccionar a información con criterio. En literatura, dedicarase esta unidade ao coñecemento de Cervantes e a súa obra, destacando a busca de ideais que se reflicte na trama de O Quixote. <p>Plan de traballo.</p> Lingua: <ul style="list-style-type: none"> - Temas de hoxe. "Femenino plural". - Comunicación. Os xéneros periodísticos. - Competencia lectora. "Rebeca Atencia, la gallega que reina entre los chimpancés". - Expresión oral e escrita. Escribir unha crónica. - Gramática. Análise da oración simple. Literatura. <ul style="list-style-type: none"> - Cervantes e O Quixote. - Banco de textos. 	9	8			X
12	¿Qué comemos?	Unidade centrada en coñecer os principais elementos da publicidade para que o alumnado desenvolva unha visión crítica sobre a intencionalidade e o significado dos mesmos. A situación de aprendizaxe prevista consistirá na creación dun anuncio para un medio audiovisual sobre un produto real ou inventado. En literatura, tratarase o teatro barroco. <p>Plan de traballo.</p> Lingua: <ul style="list-style-type: none"> - Temas de hoxe. "¿Qué comemos?". - Comunicación. A publicidade. - Competencia lectora. Carteis publicitarios. - Expresión oral e escrita. Publicar un anuncio por palabras. - Gramática. A oración composta. Literatura. <ul style="list-style-type: none"> - O teatro barroco. - Banco de textos. 	9	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Te etiqueto	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será quen de comprender e analizar as ideas fundamentais de breves textos literarios e adscribilos aos distintos xéneros literarios.	PE	60
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado deberá identificar as principais características da linguaxe literaria e as figuras retóricas máis destacadas en textos sinxelos.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar textos lidos, vinculándoos ás características principais dos distintos xéneros e subxéneros literarios.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir pequenos textos literarios seguindo as convencións propias dos xéneros e subxéneros literarios.		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá, como mínimo, recoñecer a organización da lingua como sistema e nomear todas as unidades que a compoñen.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar, como mínimo, os elementos verbais que resulten discriminatorios.	TI	40
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando os consensos, tanto no ámbito persoal coma educativo e social.	É imprescindible que o alumnado participe e interaccione con actitudes de respecto e tolerancia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado captará como mínimo, a intención comunicativa do emisor, o sentido global dos textos orais e a relación entre as súas partes. Tamén deberá reter a información máis relevante,		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información.	Como mínimo, o alumnado deberá ser consciente dos riscos de desinformación e vulneración da privacidade na Rede.		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado identificará en textos sinxelos problemas de comprensión lectora e aplicará progresivamente os coñecementos sobre a lingua e o seu uso para solventalos.		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Os alumnos e alumnas detectarán os usos discriminatorios da linguaxe en textos orais e nos elementos non verbais que os acompañen.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado deberá contribuír en todo momento e de maneira activa á consecución dos obxectivos de traballo en equipo, respectando as normas básicas de cortesía lingüística.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado elaborará textos coherentes a partir da realización de borradores previos.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado reorganizará a información de distintas fontes de información e realizará esquemas da mesma respectando os principios de propiedade intelectual.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	O alumnado revisará, de forma progresiva, os seus escritos aplicando os coñecementos e a terminoloxía lingüística.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abranguendo o ámbito persoal, educativo e social.	O alumnado utiliza o diálogo respectuoso para a solución de conflitos no ámbito persoal, educativo e social.		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado realizará unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade as súas achegas arredor dos xéneros e subxéneros literarios actuais e as súas preferencias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	.O alumnado será quen de ler de maneira autónoma textos procedentes da narrativa xuvenil e expresar de forma razoada o motivo da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ese xénero.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado será capaz de compartir coa clase a súa análise dunha obra procedente da literatura xuvenil, empregando un formato audiovisual para expresar as súas conclusións finais.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá incorporar, de maneira progresiva, procedementos lingüísticos de mellora e enriquecemento nos seus textos.		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado deberá, de maneira progresiva, revisar os seus propios textos aplicando os coñecementos gradualmente adquiridos para mellorar algúns problemas de comprensión lectora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da reflexión interlingüística. - Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. - Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e mais da súa expresión nas leis e declaracións institucionais. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto. - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital.

Contidos

- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escolta activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscristas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

UD	Título da UD	Duración
2	Mis lecturas	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, cotexando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como os trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado deberá, como mínimo, que explicar a orixe do castelán, do galego e das linguas románicas peninsulares, así como situálas segundo a súa distribución occidental, central ou oriental.	PE	60
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado aplicará os coñecementos sobre os constituíntes internos das palabras (lexemas e morfemas) para inferir o significado de termos técnicos habituais nos textos do ámbito académico.		
